

Benqueridas alumnas e alumnos:

Dende as aulas de música de Infantil e Primaria, queremosvos aportar actividades plásticas e musicais que vos acompañen e vos permitan vivir uns momentíños de tranquilidade e divertimento compartidos coas vosas familias.

PARA ALUMNOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA: Imos construír os nosos propios instrumentos musicais con materiais dos que podemos dispoñer (envases de iogur, botellas de auga, culleres de madeira,...). Si pinchas [aquí](#), poderedes ver algunhas ideas pero tamén podedes crear o que vos imaxinedes.



DANZAS PARA TODOS: Imos recordar e compartir coas nosas familias, algunha das danzas que acostumamos a facer no noso colexio nas celebracións especiais. Agora, sereis vos as que as ensinedes e dirixades. Esperamos que as disfrutedes moito.

[DANZA DE LOS 7 SALTOS](#) (Dinamarca)

[SAMOTH](#) (Israel)

[LA BADOISE](#) (Francia)

[QUEN BAILE CON QUEN](#)

[INDO EU](#) (Portugal)

[EL TWIST DE LOS RATONCITOS](#)

Para as nenas e nenos de primaria, despois de bailar e divertirnos, se vos apetece seguir no mundo da danza, podedes investigar e facer un pequeno traballo sobre a mesma.

Como? Podedes tratar sobre: A historia da danza, una danza en concreto, un grupo de danza, danzas tradicionais ou o que vos apeteza sobre o tema. Ilustrádeo con fotos, debuxos ou un cómic.

Ao voltar ao colexio, compartiremos os traballos e si vos animades a aprender algunha danza nova, bailarémola todos xuntos.

RECOMENDACIÓN FINAL: **Cantade** e **bailade** moito, e aprendede todas as cancións que vos podan ensinar os voso maiores.

UN AGARIMOSO SAÚDO E COIDÁDEVOS MOITO.